

**POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PILOTO DE MEDIACIÓN PENAL**

O día 21.09.2016 asinouose o convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC e o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para a posta en funcionamento dun programa experimental de mediación no ámbito penal en Santiago de Compostela.

Para lle dar cumprimento ao dito convenio, este colexio de avogados no mes de xullo organizou un curso de especialización en materia de mediación penal para formar os letrados que se ocuparán de realizar as mediación derivadas polos xulgados. Cos letrados mediadores que superaron este curso de especialización e solicitaron a súa incorporación (23 en total), formouse a quenda especial de mediación penal, que se puxo en funcionamento en colaboración co CIARCUS da USC o pasado 6 de outubro.

Os profesionais mediadores que interveñen na mediación serán dous por cada mediación, designados por cada vez e de forma alternativa da lista do ICA Santiago e da lista do CIARCUS.

Características do convenio

Ámbito do convenio: Está prevista a mediación en todos aqueles delitos en que existen dúas partes identificables (unha vítima e unha acusada), dende a fase de instrución, a fase de axuízamento e ata a finalización da execución. Actualmente, sen prexuízo de que máis adiante se incorporen novos xulgados, esta experiencia piloto ponse en marcha nos xulgados de instrución 1 e penal 1 de Santiago.

Procedemento: O xulgado notificaralles a resolución á persoa investigada/acusada e mais á vítima, na que se indicarán as razóns de someterse á mediación e os profesionais encargados de realizala. O equipo de mediación porase en contacto coas partes e cos seus letrados, de estaren xa designados, para citalas a unha sesión informativa, na que serán informadas do funcionamento e dos termos da mediación. Concederáselles un prazo de sete días para manifestaren a súa vontade de someterse á mediación.

O servizo que se implantará será voluntario e gratuíto (ao ser financiado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) para os usuarios e será dirixido por mediadores neutrais e imparciais con formación específica en mediación penal.

O texto completo do convenio pódese consultar na secretaría técnica do Colexio.

Dende o Colexio de Avogados de Santiago levamos tempo apoiando e formando aos nosos mediadores en prol da calidade técnica da actividade de mediación ao servizo dos cidadáns e dos avogados. A mediación penal require da intervención activa dos letrados que deben asesorar aos seus clientes sobre todas as cuestións xurídicas que xurdan e orientalos sobre a legalidade e as consecuencias penolóxicas dos acordos, tendo na mediación un instrumento máis para afrontar de maneira integral o seu labor de asesoramento e defensa dos intereses dos seus patrocinados.

Actualmente atopámonos cun marco legal que facilita a mediación penal e a xustiza restaurativa: por unha banda, a reforma da LACrim coa LO 1/2015, do 30 de marzo, que regula por primeira vez no noso dereito positivo o principio de oportunidade, en virtude do cal o Ministerio Fiscal poderá instar a terminación anticipada do procedemento se non existe un interese público relevante na súa persecución cando se procedese á reparación do dano, e por outra banda, a Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, que recolle no seu artigo 15 os servizos de xustiza restaurativa a que teñen dereito as vítimas.



A mediación penal como instrumento da xustiza restaurativa é unha metodoloxía útil e complementaria do proceso penal, ao que en ningún caso substitúe, que consiste na participación voluntaria do infractor (investigado ou acusado) e da vítima nun proceso de diálogo, dentro do marco do procedemento xudicial penal, conducido por un mediador imparcial co obxectivo fundamental de conseguir:

- A responsabilización e o recoñecemento por parte do denunciado dos feitos delituosos nos que participase e as súas consecuencias.
- A reparación integral e efectiva da vítima.
- Que os esforzos do denunciado por reparar efectivamente á vítima poidan considerarse como atenuantes para a determinación da pena, a suspensión da condena e demais consecuencias legais.
- A pacificación do conflito subxacente cando exista relación previa entre as partes.